



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es



REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO: Que o Alcalde con data dezanove de outubro de dous mil doce, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<**Decreto:** 325 / 2012 **Data decreto:** 19/10/2012 **Descrición decreto:** Rectificación erro na convocatoria e aprobación das bases para a selección de persoal laboral temporal Técnico Programa Aurora dirixido a mulleres do ámbito rural.

DON JOSE IGNACIO PORTOS VÁZQUEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto que por Decreto 310/2012 de data 09/10/2012 foi aprobada a convocatoria e as bases para a selección de persoal laboral temporal Técnico Programa Aurora dirixido a mulleres do ámbito rural, sinalando na cláusula segunda, apartado f) das bases, que será requisito dos/as aspirantes a acreditación de ter solicitada a inscrición no Rexistro Profesinal de Socorristas de Galicia.

Visto que se trata dun erro cometido trala transcrición das bases e que este apartado non é un requisito obrigatorio para este posto de traballo.

En uso das facultades outorgadas legalmente polo artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local e aplicando o artigo 105 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común en materia de rectificación de erro material

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Rectificar o erro material referido aos requisitos dos/as aspirantes, suprimindo o apartado f) da cláusula segunda das bases.

SEGUNDO.- Publíquese certificación deste decreto no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web e unáse unha copia ao expediente de seleccións aos efectos oportunos.

Boimorto dezanove de outubro de dous mil doce

O Alcalde

Perante min:

A secretaria

Asdo.- D. Jose Ignacio Portos Vázquez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente, en Boimorto a dezanove de outubro de dous mil doce.

Vº Pr.
O Alcalde

Asdo.- Jose Ignacio Portos Vázquez

